




## TAREFAS RECOMENDADAS PARA A SEMANA DO 25 Ó 29 DE MAIO

A semana pasada convidámosvos a convertirvos en exploradores e esta...  
ides ter que observar e traballar sobre algo moi cercano a vós "O CORPO", así  
que estade ben atentos ás propostas, comenzamooss!!

### LECTOESCRITURA:

- **CAIXIÑA DE SON:** Prepara unha caixiña e decóraa como ti queiras, podes forrala con distintos papeles, podes pintala e debuxar sobre ela, podes convertila en algún animal que che guste,... aquí vos deixo algúns exemplos do que podedes facer pero seguro que as vosas van quedar moitísimo máis chulas!!



Unha vez que teñades preparada a caixa tedes que escribir o voso nome nun papel e sinalar a letra inicial, por exemplo CRIS, a miña letra inicial é a C , que tedes que facer agora? Pois buscar, pola casa ou durante os vosos paseos, obxectos que comencen co mesmo son que o voso nome, pola vosa letra e gardalos na vosa caixa. Ó rematar a semana


podedes facer reconto dos obxectos e escribir o seus nomes nun papel. Podedes tamén mirar se teñen letras iguais ó voso nome, palmealas e comprobar se teñen o mesmo número de palmadas que o voso nome, cal é palabra máis longa, a máis curta, incluso podedes inventar unha historia con elas, ... Se vos gusta a actividade podedes facer caixiñas dos sons nos nomes das persoas da vosa familia.

E agora...



Xa vistes e escoitastes o conto? Pois preparádevos:

-Precisades un espello e coma se forades a malvada madrastra de brancaneves mirádevos no espello para observar as vosas características



- A continuación colledes un papel e o doblades pola metade. Nunha metade te debuxarás a ti mesmo tendo en conta o observado no espello. E agora ven a parte máis difícil... en que vos pareceades e vos diferenciades da protagonista do conto?

Para facer esta actividade pode axudarvos ir anotando as características, é unha boa forma para traballar cos peques as descrições, así por exemplo:

PERSOAS	PELO	OLLOS	CORPO
NENA DO CONTO	Longo ,rizado e roxo	...	
CRIS	Curto, de punta e de colores	...	


Agora cambiamos de xogo e vos propoño un reto... estade moi atentos que require moita concentración!!

### LÓXICO-MATEMÁTICA:

Abride ven os ollos e tedes que ser moi rápidos/as... en **10 segundos** remata o tempo...a ver que é capaz de buscar nesta imaxe un neno?











Como supoño que este foi moi doado para vós agora, xa que estamos cos espellos, imos xogar coas SIMETRÍAS, apuntádesvos?

1. Ponte diante do espello e... que pasou? ,Cantos nenos/as ves?, conta os ollos, as orellas, as mans, levanta un dedo, dous, cántos hai en total?...
2. Agora ímolo complicar un pouco colle algún obxecto ou xoguete e colócao diante do espello...Que pasa?
3. Agora se tedes pezas de construción create no chan pegadiño ó espello algunha construción similar a da foto que vos adxunto e mirade que pasa...



Seguro que estades dicindo que esto está chupado non? Pois ímolo complicar máis, E ATENT@S!!! ahí vos vai o reto... precisades da axuda dun adulto, que será o que propoña construír a metade da súa creación podedes empregar material diverso, aquí vos adxunto algunha imaxe para darvos ideas e a pasalo en grande creando simetrías!!





AGORA COMO VEDES TOCA UN POUQUIÑO DE MOVEMENTO....

### MOTRICIDADE:

Esta semana invítovos a pasalo ben xogando a... OS ESPELLOS!!

Tedes que colocarvos en parella e un de vós fai de espello e o outro ten que moverse para que o espello o imite, despois cambiades os papeles.

E agora xoga con este mono e exercita a musculatura da lingua e da cara!!

[https://youtu.be/g\\_Is2wh1xIw](https://youtu.be/g_Is2wh1xIw)

E como xa vos movestes dabondo que vos parece un reto de ciencia?

### CIENCIA: " INFLAR UN GLOBO CON FERMENTO-AZUCRE E AUGA"

Para facer este reto precisades o seguinte material:

- Un globo
- unha botella
- un sobre de fermento de panadería
- azucre
- auga quente
- unha xerra



Primeiro acordádevos de apuntar as vosas hipóteses que podo facer con este material?

Que pasará?...

Que facedes con todo isto ? Pois seguir os pasos do experimento no seguinte enlace

<https://educaconbigbang.com/2016/09/infla-globo-levadura-azucar-agua/>



E despois de investigar tócalle o turno a...

### EXPRESIÓN MUSICAL:

E como esta semana toca traballar o corpo...ti como es? Pois... eu son así!!!

Bótalle unha baila coa canción "YO SOY ASÍ" de Cantajuegos





<https://youtu.be/raKGsILf1XE>

E seguimos creando desta volta a proposta é de...



### ARTE:

Como esta semana tocou traballar co espello imos aproveitar para facer un AUTORRETRATO, fixédevos ben nestes autorretratos de pintores famosos ( Frida Khalo, Vincent van Gogh, Maruja Mallo e Pablo Picasso) e create o voso, sacádelle unha foto e ma enviades así podó facer unha pequena exposición !!!



E xa para rematar as propostas quedáanos COCIÑAR!!!



### COCIÑA:

A quen lle apetece AMASAR? Esta semana traballar a motricidade fina amasando e sabedes o que? Pois nada máis e nada menos que vos propoño ...FACER GALLETAS DAS LETRAS DO VOSO NOME!! apuntádesvos? Pois a receita tédela no enlace da páxina de aulas

galegas que vos deixo aquí abaixo, quero ver fotos ehh!!

<https://aulasgalegas.org/cocinando-galletas-para-dani/>

Espero que o pasedes ben facendo as propostas pero lembrade que non hai nin que facelas todas nin agobiarse. Disfrutade moito do bo tempo en familia!!

